

Ola de novo, rapaces! Que tal? Como xa saberedes temos por diante outros quince días máis de corentena, e é por iso que vos preparei novas actividades para seguir avanzando nos contidos do curso e así darlle un pouco de normalidade a situación que estamos a vivir.

Serían as seguintes:

- **MATES:** Ficha nº 8, 9 e 10.
- **LENGUA:** No apartado de *Ortografía* ler as normas da g/j e facer os exercicios que sexan só do ordenador (o crucigrama que aparece cara o final tamén, anotando no portfolio unicamente as palabras agochadas). Logo no apartado de *Expresión oral e escrita* debes elaborar a seguinte tarefa:
 - Redacta no teu portfolio o percorrido que debes seguir para ir desde a túa casa ata o colexio. Para facelo ben le con calma as pautas que aparecen no apartado. Deberá estar escrito en lingua castelá.

Finalmente, facedes o peche do tema.

- **LINGUA:** No apartado de *Gramática* repasaredes os demostrativos e os posesivos e faredes no portfolio o exercicio 2 e no ordenador o exercicio 3. Logo, no apartado de *Ortografía* revisades as palabras con b/v e elaboraredes dúas listas. Unha coas palabras con b- que aparecen no apartado, e outra coas palabras que conteñen a v-. Ademais, faredes tamén o exercicio 2 no ordenador.

Finalmente, redactades o peche.

- **SOCIAIS:** Ler a ficha nº 7. Ler a nº 8 e realizar o exercicio 1. Ler a nº 9. E ler a nº 10 resolvendo as actividades 1, 2 e 3.
- **NATURAIS:** Ler o apartado *Etiquetas* e resolver esta tarefa no portfolio:
 - Elixes dous alimentos. Logo analiza o envase ou a etiqueta e localiza os datos que se mencionan neste apartado do tema (nome, ingredientes, nutrientes, caducidade...). Lembra que non teñen por que aparecer todos. Se o necesitas pídelles axuda a un adulto e no caso de que teñas as etiquetas do produto, pégaas no portfolio para que a actividade quede máis completa.

A continuación, leredes o apartado *Alimentación inadecuada*. E finalmente, redactades o peche.

- Seguide coa lectura do libro ***Hilario e os tres medos*** e se o terminades mellor que mellor.

Estas tarefas (xunto coas da outra quincena) terédelas que ter rematadas o próximo xoves día 3 de abril.

MOITOS ÁNIMOS, QUE CADA VEZ ESTÁ
MÁIS CERCA O FINAL! UN BICO ENORME.

RAQUEL